

ORDENANZA Nº 7- REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

1.- En aplicación do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a exacción da taxa por recollida de lixo, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º. Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliarias e residuos sólidos urbanos de vivendas e locais ou establecementos nos que se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos. Tamén formará parte do feito imponible desta taxa a recollida de voluminosos.

2.- A tal efecto, considerase lixo domiciliarias e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou residuos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e os residuos voluminosos que se determinen polo Concello, e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos ou animais, materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados en lugares, rúas, prazas ou vías públicas nas que se preste o servizo, calquera que sexa o título ou condición no que se fagan. Entenderase en todo caso que se presta o servizo ás edificacións ubicadas en

calquera lugar físico dentro do Concello de San Sadurniño, sexa a título de propietario, usufrutuário, habitacionista, arrendatario, ou incluso de precario.

2.- Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuinte os propietarios das vivendas ou locais, que podrán repercutir, no seu caso, o importe das cotas satisfeitas sobre os usuarios de aqueles, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º .- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebra, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria.

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles e do número de recollidas semanais que se realicen na zona na que se encontren, según a seguinte tarifa:



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

APARTADO 1: VIVENDAS	
Zona 1 (dúas recollidas semanais)	60 €/ano
Zona 2 (unha recollida semanal)	40 €/ano
Zona 3 (viviendas situadas a máis de 1.000 m do punto de recollida)	20 €/ano
APARTADO 2: ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS	
A) Actividades de carácter industrial	
Zona 1 (dúas recollidas semanais)	180 €/ano
Zona 2 (unha recollida semanal)	120 €/ano
B) Restaurantes, casas de comidas, supermercados, tendas de alimentación e similares	
Zona 1 (dúas recollidas semanais)	150 €/ano
Zona 2 (unha recollida semanal)	110 €/ano
C) Cafeterías, tabernas e outras actividades comerciais e mercantís	
Zona 1 (dúas recollidas semanais)	115 €/ano
Zona 2 (unha recollida semanal)	80 €/ano

2.- As anteriores tarifas actualizaranse anualmente e de forma automática segundo o IPC publicado polo Instituto Nacional de Estadística.

Artigo 6º.- Exencións e bonificacións.

1.- Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da presente taxa.

Artigo 7º.- Devengo.

1.- Devengase a taxa, e nace a obrigaçión de pago no momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, o primeiro día de cada ano natural. Para o caso de novas construcións, considerarase que se devenga a taxa o mesmo ano natural no que se remate e poña en uso a edificación.

Artigo 8º.- Normas de xestión.

1.- O Concello aprobará, dentro do primer trimestre de cada ano natural, o padrón cobratorio da taxa, ao que podrán incorporarse durante o exercicio as novas edificacións que se rematen nese período. A aprobación deste padrón exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello e mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Cando se coñeza, de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación nos datos incluídos no padrón, levarase a cabo neste as correspondentes modificacións, que surtirán efecto a partir do exercicio seguinte ao da data na que se solicitaran ou realizaran.

2.- O cobro realizarase anualmente, mediante recibo derivado do padrón, no prazo que se sinala polo Concello ao aprobar o correspondente a cada exercicio, e que non será inferior a un mes.

O prazo de ingreso en período voluntario das liquidacións incluídas no padrón correspondente será o que se sinala polo Concello ao aprobar dito padrón o, no seu caso, o que determine con carácter xeral a entidade que teña delegada esta recaudación. En ningún caso dito prazo poderá ser inferior ós dous meses que sinala o artigo 87.2 do Regulamento xeral de recaudación.

O prazo de ingreso en período voluntario de liquidacións de notificación individual, e polo tanto non sexan incluídas no padrón, será o que prevé o artigo 20.2 do Regulamento xeral de recaudación, salvo que polo órgano competente se determine outro prazo máis beneficioso para o contribuínte.

3.- A recaudación das cotas correspondentes a esta taxa poderá delegarse na Deputación Provincial de A Coruña, rexíndose nese caso polas normas que a tal efecto teñan aprobadas os órganos competentes da mesma.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final.

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, e permanecerá en vigor mentras non se acorde expresamente a súa modificación ou derogación.